

Pacto de Estado
contra a
Pobreza

pacto de estado contra a pobreza

Pacto de Estado contra a Pobreza

Os/as abaixo asinantes, forzas políticas que reflicten a pluralidade democrática de opcións representadas no Congreso dos Deputados,

Consideramos,

1. Que existe un imperativo ético, social, político e económico de lograr o obxectivo de erradicar a pobreza no mundo mediante a acción decidida e efectiva da cooperación internacional.
2. Que con ese fin España asumiu, ao longo da súa andaina democrática, unha longa serie de compromisos internacionais formulados no marco da comunidade internacional así como nacionais.
3. Que os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, proclamados na Asemblea Xeral das Nacións Unidas do ano 2000, e ratificados na Asemblea Xeral de 2005, constitúen un marco apropiado para avanzar, no medio prazo, na erradicación da pobreza.
4. Que garantir o cumprimento dos ditos obxectivos require dun esforzo sostido por parte da comunidade internacional, esforzo ao que España debe contribuír firmemente dende a maior das decisións tomando en conta os principios do Consenso Europeo de Desenvolvemento.
5. Que a adhesión de España á Declaración do Milenio e aos seus contidos constitúe un forte elemento de consenso político e social, tal e como se deduce da vontade xeral da cidadanía por manter unha política de solidariedade activa cara aos países empobrecidos.
6. Que o marco institucional e político no cal se desenvolve este esforzo solidario é froito do traballo realizado en diferentes lexislaturas, e conseguíronse avances tales como a Lei de cooperación internacional, a creación do Consello de Cooperación, a creación da Comisión de Cooperación do Congreso, e ao se producir na presente lexislatura un importante esforzo de todos os actores da cooperación española —gobierno, partidos políticos, administracións autonómicas e locais, ONGD, universidades, empresas, sindicatos— para avanzar conxuntamente en:
 - O incremento da AOD, tanto en termos absolutos como relativos, e o cumprimento dos compromisos internacionais de España
 - O diálogo, a coordinación e a concertación entre os diferentes actores
 - O esforzo conxunto de planificación, seguimento e avaliación da axuda
 - O avance na coherencia de políticas

Pacto de Estado contra a Pobreza

- A introdución de instrumentos que buscan impulsar a calidade da cooperación
- O desenvolvemento participativo de estratexias xeográficas e sectoriais
- A elaboración e aprobación dunha lei de xestión da débeda externa
- A aprobación do Estatuto dos cooperantes

Este esforzo e estes avances son un patrimonio común de españois e españolas, froito do acordo político e da mobilización cidadá.

7.- Que nos seus programas de actuación e electorais, as diferentes forzas políticas abaixo asinantes expresamos en reiteradas ocasións o noso compromiso co obxectivo de conseguir unha cooperación de calidade e cun financiamento suficiente para cumprir as súas metas.

8.- Que é necesario actualizar os compromisos adquiridos no pasado para lograr un cumprimento efectivo, en especial no referente ao Pacto pola Solidariedade asinado en 1996, e ampliar os ditos compromisos á luz das novas realidades políticas, sociais e internacionais.

9.- Que en resposta ao anterior resolvemos concretar a dita vontade nun pacto político pola erradicación da pobreza no mundo, entendendo a necesidade de que os principios e aspectos clave da política de cooperación teñan continuidade, independentemente do partido político que en cada momento exerza a acción de goberno, polo que acordamos mediante consenso un conxunto de orientacións políticas, medidas concretas de xestión e iniciativas lexislativas que respondan de forma sostible aos grandes desafíos que ten a nosa cooperación ao desenvolvemento, como son a progresión do aumento de cantidade e calidade da nosa AOD, a coherencia de políticas e a plena incorporación dos principios da Declaración de París, a adecuada orientación da maior presenza multilateral da nosa cooperación, a mellora da coordinación da pluralidade de actores –que é un dos sinais de identidade do noso sistema de axuda– e a necesaria reforma institucional para responder adecuadamente a todos estes desafíos:

A. Orientacións políticas

A política de España no ámbito da cooperación debe ter unha orientación clara dirixida a:

- a) Alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) e a erradicación da pobreza.
- b) Garantir de xeito eficaz o impacto da axuda oficial ao desenvolvemento.
- c) Cumprir os compromisos internacionais adquiridos sobre harmonización e aliñamento da axuda en liña cos principios da Declaración de París así como os principios do Consenso Europeo de Desenvolvemento.

- d) Apostar pola democracia como condición indispensable para o desenvolvemento, e formular como obxectivo a promoción da calidade desta e o exercicio e respecto dos dereitos humanos, con especial atención ao fortalecemento do Estado de Dereito, a boa xestión dos asuntos públicos e a promoción da democracia representativa e participativa e do pluralismo político.
- e) Recoñecer o papel das ONGD como actores relevantes na política de cooperación, apoiar o seu fortalecemento e fomentar a participación e o diálogo social.
- f) Converter a política de cooperación nunha política de Estado, non condicionada por intereses comerciais, políticos nin económicos do goberno.
- g) Fomentar a sensibilización sobre da pobreza e a desigualdade a escala internacional.
- h) Reformar en profundidade o sistema institucional de cooperación ao desenvolvemento e avanzar en materia de coordinación e coherencia de políticas que ten como obxectivo a consecución dos ODM.
- i) Reforzar o liderado da Comisión de Cooperación do Congreso, do Consello de Cooperación e da Comisión Interterritorial como ámbitos de negociación e consenso da política de cooperación española, e poñerlle unha especial atención á necesidade de coordinación entre as administracións estatal, autonómica e local, na que debe xogar un importante papel a Comisión Interterritorial.
- j) Avanzar e impulsar novas propostas de xeración de mecanismos de financiamento internacional para o desenvolvemento, así como na loita contra a evasión de capitais, os paraísos fiscais e a fraude fiscal, e estudar a posibilidade de destinar a axuda ao desenvolvemento unha porcentaxe dos fondos recuperados en operacións contra o branqueo de capitais.
- k) Apostar por unha política multilateral que poña sobre a mesa unha axenda internacional de cooperación ao desenvolvemento.
- l) Non utilizar a acción humanitaria como ferramenta subordinada á política exterior e cumprir os principios de independencia, neutralidade e imparcialidade da acción humanitaria, e revisar a partir destes principios cal pode ser o rol das Forzas Armadas.
- m) Garantir que a cooperación ao desenvolvemento española estea xestionada por institucións adaptadas ao reto, coa capacidade de xestión, flexibilidade e coñecementos necesarios para iso, o que supón dotalas de axeitados recursos humanos, financeiros e técnicos.
- n) Manter unha política de transparencia informativa dirixida á poboación española a través das institucións involucradas na cooperación ao desenvolvemento e do Congreso, para que se coñeza con detalle a axuda oficial ao desenvolvemento destinada por España e o seu impacto.

Pacto de Estado contra a Pobreza

- o) Canalizar os fondos cara aos que máis os necesitan: as poboacións empobrecidas, e darlles prioridade ás necesidades sociais básicas, á educación, á saúde, á saúde demográfica e reprodutiva, ao acceso á auga potable e ao saneamento básico, e a aqueles programas cuxo único interese e obxectivo directo sexa erradicar a pobreza, incluída a perspectiva de xénero como aspecto capital no desenvolvemento das comunidades.
- p) Promover no seo da Unión Europea a coherencia de políticas, en particular en materia de comercio e de agricultura que incorpore os dereitos humanos como criterios no seo das negociacións comerciais bilaterais e multilaterais.
- q) Aplicar os principios e iniciativas incluídas neste pacto de estado no ámbito autonómico e local.

B. Medidas concretas de xestión

B.1 Axuda Oficial ao Desenvolvemento

- a) Manter un esforzo en materia de axuda oficial ao desenvolvemento que garanta que antes do ano 2012, o 0,7% da renda nacional bruta sexa destinada a axuda oficial ao desenvolvemento por todas as administracións do Estado, comunidades autónomas e entes locais. Para iso, aprobar un calendario detallado de cumprimento anual.
- b) Orientar as prioridades sectoriais da AOD bilateral cara aos servizos sociais básicos (SSB) para garantir que a AOD destinada a SSB en ningún caso será inferior ao 20% da AOD sectorialmente distribuíble, reforzar a prioridade xeográfica da nosa cooperación e procurar que antes de 2015 se estea a destinar, polo menos, o 25% da AOD xeograficamente especificable cara aos países menos adiantados (PMA), con especial atención á África subsahariana, a través dunha progresión anual de incremento da axuda aos PMA.
- c) Concentrar o incremento da axuda oficial ao desenvolvemento nos instrumentos non reembolsables, e asegurar, en liña coa traxectoria dos últimos anos, que a cooperación reembolsable non supere o 5% do total da AOD.
- d) De acordo co compromiso da Declaración de París, realizar avances continuos na desvinculación da AOD da compra de bens e servizos de orixe española (axuda ligada) para situarse, polo menos, nunha porcentaxe similar á media do CAD antes do ano 2010.
- e) Manter a tendencia das contribucións ás institucións multilaterais non financeiras, e reforzar a presenza nos órganos de toma de decisións das ditas institucións e definir unha estratexia de cooperación multilateral.
- f) Presentarlle un informe anual á Comisión de Cooperación do Congreso sobre a contribución de España aos organismos multilaterais (financeiros e non financeiros), que especifique os re-

cursos destinados, así como os obxectivos prioritarios perseguidos con estes, e facer balance dos avances no seu cumprimento.

g) En cumprimento da Lei de cooperación internacional e coa finalidade de reforzar a transparencia, acompañar os presupostos xerais do Estado cun informe agregado que explique con claridade as cantidades presupostadas cada ano como parte da AOD, os criterios utilizados para a súa contabilización e as principais partidas nas que se distribúe.

h) Incorporar no Plan director e manter nos plans anuais unha planificación orzamentaria detallada, e indicar polo menos as porcentaxes previstas por sectores e instrumentos.

i) Incrementar a porcentaxe de recursos de cofinanciamento de proxectos xestionados por ONGD en sintonía co incremento total anual da AOD.

j) Destinar, como mínimo, un 5% do total dos recursos canalizados a través de ONGD a proxectos de educación para o desenvolvemento e sensibilización cidadá como parte esencial da política de cooperación.

k) Conxelar a dotación dos créditos FAD ata que non se cumpra a previsión do Plan director de desenvolver un Plan de avaliación do instrumento.

B.2 Débeda

a) Que na próxima lexislatura, o plan de renegociación e cancelación presentado polo Goberno, de acordo co establecido na disposición transitoria segunda da Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa, garanta a cancelación do 100% da débeda bilateral dos países menos adiantados sen que iso supoña unha redución do destino de fondos a través da AOD bilateral non reembolsable vía programas e proxectos.

b) Avanzar na posta en marcha de programas de conversión de débeda por desenvolvemento, especialmente orientados a SSB e vinculados á consecución dos ODM no resto de países en vías de desenvolvemento, sen que iso implique un freo ao incremento de fondos a través da AOD bilateral non reembolsable vía programas e proxectos. O troco de débeda será xestionado coa máxima transparencia e hase de realizar garantindo a participación da sociedade civil, especialmente a do sur. De acordo cos principios da Declaración de París, os programas de conversión deberán avanzar na desvinculación da promoción de investimentos de empresas españolas.

c) Promover no ámbito internacional a creación dun tribunal internacional de arbitraje sobre a débeda externa, onde acredores e debedores estean igualmente representados e as decisións se tomen por unha instancia neutral.

d) Establecer un compromiso calendarizado de adoptar mecanismos eficaces, participativos e transparentes para buscar unha solución á sustentabilidade da débeda, de maneira que sexa

compatible co investimento social necesario para alcanzar os obxectivos de desenvolvemento do milenio. Igualmente, buscaráselles unha solución aos casos de débedas contraídas polos estados e que fosen orixinadas en proxectos empresariais falidos, que non respectaran os dereitos humanos, que provocaran desastres ambientais, que fose desenvolvido sen ter en conta o interese xeral, ou que haxa evidencias de mal uso dos créditos por parte dos seus xestores.

e) Establecer uns principios para a prevención de novo endebedamento, incluída a elaboración do proxecto de reforma legal de FAD e CESCE comprometido na Lei 38/2006 do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa, proxecto que deberá ser presentado no Congreso dentro da presente lexislatura, e tramitada no primeiro ano da próxima lexislatura.

B.3 Comercio

A posición do goberno español en temas comerciais debe respectar en todo momento o disposto na Lei de cooperación e no Plan director de cooperación española en relación ao principio de coherencia das diferentes políticas co obxectivo de loitar contra a pobreza.

a) Propoñer no seo da UE e da OMC novas regras comerciais que aseguren que os acordos comerciais, tanto bilaterais como multilaterais, beneficien as poboacións dos países pobres e faciliten o acceso dos seus produtos aos nosos mercados e eviten que a liberalización comercial indiscriminada poida deteriorar a realidade social, económica e ambiental dos países máis vulnerables.

b) Así mesmo, o goberno español debe monitorar que a UE garanta que as políticas e prácticas comerciais non diminúan os estándares sociais e ambientais alcanzados, en especial os laborais, e establecer vínculos máis estreitos coa OIT, a FAO e a UNCTAD, co fin de que as decisións de Nacións Unidas e os acordos multilaterais sexan respectados.

c) A UE e o goberno español debe cumprir co compromiso de eliminar os subsidios á exportación e calquera outro tipo de subsidio interno que xere dúmping.

d) Propoñer iniciativas a nivel internacional e nacional para regular as actividades e os investimentos de grandes empresas nos países máis pobres para asegurar que as súas actividades non teñen un impacto negativo sobre os dereitos humanos nin a nivel ambiental ou social.

e) Crear, durante 2008, o comité consultivo sobre comercio internacional, coa presenza de administracións públicas, axentes económicos e sociais e organizacións da sociedade civil.

f) Realizar, polo menos unha vez cada lexislatura, un informe sobre o impacto social e ambiental dos acordos bilaterais de protección recíproca de investimentos asinados por España con terceiros países, en especial, con PMA.

C. Iniciativas legislativas

- a) En liña co exposto no Plan director da cooperación española 2005-2008 sobre o fomento da aplicación de políticas e normativa relativa á RSC entre as empresas e organizacións empresariais que actúen en cooperación, regularanse normativamente os criterios de RSC esixibles a estes actores da cooperación cando xestionen recursos económicos públicos. Adicionalmente, no resto de normativa que se elabore sobre RSC teranse sempre en conta as accións das empresas españolas no exterior.
- b) Elaborar, en cumprimento das previsións da Lei 38/2006, unha lei de reforma do instrumento Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (FAD) e do CESCE co fin de convertelo nun instrumento crediticio integrado e coherente co obxectivo de loita contra a pobreza.
- c) Reformar a normativa relativa a subvencións de cooperación a través do desenvolvemento da disposición adicional 18.^a da Lei 38/2003, xeral de subvencións para asegurar que recolle de xeito axeitado as especificidades da cooperación internacional como un ámbito propio de actuación, sen que iso supoña rebaixar substancialmente as garantías que se deben dar na xestión de fondos públicos; este desenvolvemento terá tamén un reflexo nas normativas e bases reguladoras de subvencións de cooperación de comunidades autónomas e entes locais.
- d) Realizar as reformas legais necesarias para que os donativos e as contribucións das persoas físicas ás ONGD poidan deducirse, polo menos, nos mesmos termos e porcentaxes que no caso das persoas xurídicas, para o cal a porcentaxe establecida no artigo 19.1 da Lei 49/2002 de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e incentivos fiscais ao mecenado deberá ser incrementado polo menos ao 35%.
- e) Avanzar nos desenvolvementos que require o Estatuto dos cooperantes, e realizar as negociacións que correspondan coas comunidades autónomas.
- f) Reformar a Axencia Española de Cooperación Internacional, dando os pasos necesarios para que se poida asegurar que se conte coa capacidade de xestión, flexibilidade orzamentaria e política laboral necesaria para xestionar con eficiencia os recursos da AOD, e en especial, ampliar o acceso de profesionais da cooperación, que consagre a xestión por obxectivos e un axeitado tratamento aos temas sectoriais e impulsando o papel das oficinas técnicas de cooperación.
- g) Poñer en marcha un intergrupo parlamentario para avanzar na reflexión e a análise sobre a coherencia de políticas.
- h) Non se debería utilizar a AOD para compensar o exceso de emisións de CO₂ que se producen en España e para cumprir os compromisos españois derivados do Protocolo de Kyoto, nin a través da adquisición de créditos nos mercados internacionais, nin a través do apoio aos fondos de carbono ou aos mecanismos de desenvolvemento limpo. Non se imputará, polo tanto, como AOD unha porcentaxe maior do 2% dos desembolsos orientados para este fin.

Pacto de Estado contra a Pobreza

Crearase unha comisión de seguimento do pacto que inclúa as forzas políticas asinantes e a unha representación da Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento de España, así como aos axentes económicos e sociais, que se reunirá de xeito anual para realizar un seguimento e avaliación de cumprimento deste. Para iso cada partido político designará a persoa encargada do seu seguimento a nivel nacional.

Os grupos políticos representados polos/polas abaixo asinantes comprométense, no seu exercicio parlamentario e nas súas responsabilidades de Goberno estatal, local e/ou autonómico, a impulsar os mecanismos necesarios para a posta en marcha destas políticas e iniciativas, de acordo ao calendario establecido no presente documento.

Madrid, 19 de decembro de 2007

Subscrito por:

- Partido Socialista Obrero Español (**PSOE**)
- Partido Popular (**PP**)
- Izquierda Unida (**IU**)
- Convergencia i Unió (**CiU**)
- Esquerra Republicana de Catalunya (**ERC**)
- Partido Nacionalista Vasco (**PNV**)
- Coalición Canaria (**CC**)
- Iniciativa per Catalunya Verds (**ICV**)
- Bloque Nacionalista Galego (**BNG**)
- Chunta Aragonesista (**CHA**)
- Eusko Alkartasuna (**EA**)
- Nafarroa Bai (**NaBai**)
- Coordinadora de ONG de Desarrollo- España

pacto de estado contra a pobreza



COORDINADORA
ONG PARA EL DESARROLLO
ESPAÑA